

Introduci

Desde o ano 2011, o Concello de Celanova conta cunha aula de informática enmarcada dentro do proxecto da Rede de Centros de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Rede CeMIT).

A aula conta con 14 computadores de sobremesa equipados con auriculares e lector de DNI electrónico. Ademais, hai unha impresora multifunción de uso público limitado, e un proxector. Tamén dispón dunha rede de conexión sen fíos que permite que as persoas usuarias traballen cos seus propios computadores tanto dentro, coma nos aledáns da Aula. Esta aula tamén dispón de tecnoloxías que permiten levar a cabo sesións de cine, videoconferencias, sesións de traballo con grabación do evento, ...

Esta aula, especialmente destinada a alfabetizar dixitalmente a poboación, vén ofrecendo desde entón os seguintes servizos:

Sal de eventos

- Videoconferencias, previamente planificadas e informadas, entre distintos colectivos do Concello con outras entidades que dispoñan da tecnoloxía de videoconferencia. As experiencias levadas a cabo inclúen Amas de Casa, colexios públicos da zona, mozos e mozas interesados na composición musical, ...
- Xornadas de cine. A tecnoloxía que nos brinda a aula permite incorporar un ambiente propio dun cine, coa iluminación, a visualización e o son propios dun cine, anque en medidas restrinxidas.
- Emprego da aula para cuestións transversais como a realización de probas e exames, sala de lectura común, realización de traballos manuais que impliquen novas tecnoloxías.

Formación

- Cursos de formación: cursos de 8 a 25 horas de duración (introdución informática, procesador de textos, follas de cálculo, ...). Estes cursos están orientados a alfabetizar dixitalmente ao público, o que implica que os coñecementos do alumnado son moi limitados ou inexistentes nas novas tecnoloxías.
- Produtos formativos: son pequenos obradoiros de formación cunha duración inferior a 5 horas, e cuxo obxectivo é de formar ao alumnado sobre diferentes aspectos das novas tecnoloxías (solicitude de cita médica por Internet, prensa na Internet, cita previa da ITV, o emprego dos pendrives, o emprego das cámaras dixitais, o uso do DNI electrónico, ...)

Aula aberta

Ademais das actividades formativas, a aula conta cun horario de aula aberta en que calquera pode utilizar libremente os ordenadores e demais recursos.

O servizo da aula aberta conta cun/cunha dinamizador/a tecnolóxico/a que presta apoio a quen o necesite, asesorando, resolvendo dúbidas, informando sobre páxinas web, ensinando a facer aquilo que o usuario non sabe...

A aula aberta tamén unha boa oportunidade para que aquelas persoas que asisten aos obradoiros reforcen os seus coñecementos e poñan en práctica o aprendido nas clases.